



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE ABRIL DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 D^a. MARGARITA DEvesa CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e tres de abril de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catro de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000434 de dona María Fernández Villaverde.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 170 m², consistente na colocación de tella sobre uralita existente, situada en Buxeiros de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e catro euros con once céntimos (#94,11#).

2.2.- Instancia núm. 201200000000458 de don José Elias Fachal Canabal.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 105 m² en planta, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situado en Vilar, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (#79,95#).

2.3.- Instancia núm. 201200000000468 de don Orlando Giadanes Arca.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con base e balaustrada de pedra na fronte de aproximadamente 51 m. de lonxitude, e postes e arame polo linde, e máis para a rehabilitación dun alboio, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, de aproximadamente 36 m² en planta, e revestido de paredes, no lugar de Socastro, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país e a tella será cerámica; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m. Ademais non se modificará o volume actual da edificación a rehabilitar.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta e dous euros con cincuenta e nove céntimos (#132,59#).

2.4.- Instancia núm. 201200000000470 de dona M^a del Rosario Castro Ferro.



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 60 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Castro, en solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#45,68#).

2.5.- Instancia núm. 201200000000478 de don José Manuel Rendo Caneda.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción de acometida á rede municipal de saneamento, no lugar de Reboredo –Ponte Ulla.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: para a execución da acometida construírase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública; o conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo do rexistro; tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento; a acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais; o efluente deberá reunir as condicións fisicoquímicas que se especifican no Regulamento de verteduras municipal; a arqueta deberá ter un deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente e deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

2º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.6.- Instancia núm. 201200000000517 de dona Mercedes Castro Bodelo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, consistente no acondicionamento da fachada colocando pedra, de 43 m. de largo e 3 m. de alto, situado en Texo, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2).



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma, e en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e oito euros con oitenta céntimos (#68,80#).

2.7.- Instancia núm. 201200000000528 de don Manuel Castro Blanco.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción de cerramento de parcela, de aproximadamente 165 m. de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, no lugar de A Lagoa, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dous euros con sesenta e seis céntimos (#102,66#).

Retírase da sesión a concelleira dona M^a. Jesús Piñeiro Caldelas.

2.8.- Instancia núm. 201200000000361 de dona M^a Jesús Piñeiro Caldelas.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para proceder á segregación da parcela núm. 465, do polígono 7 da zona de concentración parcelaria de Sarandón, situada en San Pedro, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1) e de expansión de núcleo rural (N-2), en tres parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Rey.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a citada licenza nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal que ascenderon á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.



2º.- O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

Incorpórase de novo á sesión a citada concelleira.

2.9.- Instancia núm. 201200000000436 de don José M. Insua Senín.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á segregación da parcela núm. 566, do plano de concentración parcelaria de San Fins de Sales e San Andrés de Illobre, situada no lugar de Sales, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola dona Felicitas Fernández Liñares.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a citada licenza nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenderon á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación de fóra de ordenación total de edificacións.

3.1.- Instancia núm. 201200000000452 de dona Purificación Bouzón Gómez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada con domicilio en Vedra, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Fontao, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don José Antonio Pose Rodríguez.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total a vivenda situada no lugar de Fontao -Vedra nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de douscentos noventa e catro euros con setenta e seis céntimos (#294,76).

3.2.- Instancia núm. 4201200000000465 de don Carlos Canicoba Carpinteiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Vedra, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda



situada no lugar de Canicoba nº 18 -San Mamede de Ribadulla, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Álvaro Vidal García.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no lugar de Canicoba nº 18 - San Mamede de Ribadulla nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil catrocentos setenta e cinco euros (#1.475,00#).

3.3.- Instancia núm. 201200000000462 de don Manuel Aldrey Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en San Xián de Sales, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Matelo nº 7 - San Xián de Sales, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Álvaro Vidal García.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no lugar de Matelo nº 7 - San Xián de Sales nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil seiscientos sesenta e un euros con oito céntimos (#1.661,08#).

3.4.- Instancia núm. 201200000000509 de don Arcadio J. Guerra Calvelo.

Dáse conta da citada instancia na que dona Pilar Mazas Asorey, como representante de don Arcadio J. Guerra Calvelo, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total dunha vivenda unifamiliar situada en Xián -San Andrés de Trobe, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do



medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no lugar de Xián - San Andrés de Trobe, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de trescentos nove euros con quince céntimos (#309,15#).

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Dáse conta do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 237.170,58 euros, co seguinte detalle:

1.1.- Persoal: 36.013,00 euros.

1.2.- Mantemento: 600,00 euros.

1.3.- Axuda no fogar

1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 26.281,82 euros.

1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 102.418,94 euros.

1.4.- Xestión de Programas:

1.4.1 - Escola Infantil: 61.856,82 euros.

1.4.2- Envellecemento activo: 10.000,00 euros.

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2012 na contía de 196.634,74 que supón unha porcentaxe de 45,32% sobre do orzamento total do proxecto.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Nº Fact	Provedor	Importe	Descrición
3.111.110.342.9 89	Unión Fenosa Comercial, S.L.	535,52 €	Subministro a depuradora de San Xián en novembro
3.111.110.337.8 15	Unión Fenosa Comercial, S.L.	401,54 €	Subministro a casa do concello en novembro
3.000.210.286.6 30	Unión Fenosa Comercial, S.L.	907,96 €	Subministro ao campo fútbol en novembro e decembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.111.210.283.0 85	Unión Fenosa Comercial, S.L.	207,98 €	Subministro á piscina municipal nos meses de novembro e decembro
3.111.110.341.0 39	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.256,72 €	Subministro ao CPI de Vedra en novembro
3.111.210.288.6 41	Unión Fenosa Comercial, S.L.	417,97 €	Subministro á gardería municipal en novembro e decembro
3.120.110.300.8 53	Unión Fenosa Comercial, S.L.	239,68 €	Subministro ao CEIP de Santa Cruz nos meses de novembro e decembro
3.120.110.162.2 52	Unión Fenosa Comercial, S.L.	991,97 €	Subministro ao CPI de Vedra en decembro
3.120.110.274.8 98	Unión Fenosa Comercial, S.L.	93,81 €	Subministro á depuradora de San Xián en decembro
3.120.110.255.7 95	Unión Fenosa Comercial, S.L.	318,39 €	Subministro á casa do concello en decembro
01/2012	Unión Fenosa Comercial, S.L.	3.630,62 €	Fras. por subministro a 5 alumeados públicos en novembro e decembro
12/2011	Gas Natural, SA	23.882,06 €	Fras. por subministro alumeados públicos en decembro
1.111.112.970.7 58	Gas Natural, SA	325,53 €	Subministro á oficina de turismo en novembro
1.120.110.809.5 88	Gas Natural, SA	-209,40 €	Subministro a oficina de turismo (regularización)
1.111.113.071.7 17	Gas Natural, SA	102,72 €	Subministro á casa reitoral de Ponte Ulla en novembro
1.120.110.923.5 17	Gas Natural, SA	138,15 €	Subministro á casa reitoral de Ponte Ulla en decembro
A 4	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	808,35 €	Produtos e materiais subministrados en marzo
14	Grupo Acofide, SC	5.826,25 €	Xestión do pavillón municipal mes marzo
5/2012	Fermín González Blanco, S.L.	2.476,63 €	Redacción Plan Especial PNT Ponte Ulla mes marzo
03/C-03/2012	Sánchez Lojo Delio	236,00 €	Clases debuxo-pintura mes marzo
12 141	Maderas C. Lata S.L.	22,51 €	Subministro táboas de encofrado
28-D282- 535498	Telefónica Mviles España, S.A.	465,22 €	Fra. de abril por servizos de telefonía móbil
VD 03/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	5.969,35 €	Servizo de gardería na escola infantil mes marzo
A421	Proyectos, Ing. y Sum. de Med., S.L.	90,21 €	Papel e crema para servizo fisioterapia 3ª Idade
12/3	Freiría Suárez José María	3.701,03 €	Servizos de limpeza mes marzo
P202.159	Editorial Compostela, SA	300,00 €	Concerto publicitario ano 2012 mes marzo
32 2251	Ulla-Oil S. L.	1.100,00 €	Subministro de gasóleo B para tractores en marzo
203/5	Alquimao S.L.	47,20 €	Fra. por pisón para brigada obras en marzo
FT1200541	Comercial Vehículos Industriales TAR,S.L.	428,43 €	Arranxo camión recollida lixo en marzo
54/12	Montajes Electricos Vizcaino, S.L.	2.300,00 €	Servizo mantemento alumeadado público mes marzo
12-321	Puente Ulla S.L.	44,05 €	Gasolina para proba deportiva Ruta BTT/2012



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



12-320	Puente Ulla S.L.	8,00 €	Subministro de gasolina para brigada verde en marzo
12-319	Puente Ulla S.L.	1.829,04 €	Gasóleo para camión recollida lixo mes marzo
12-318	Puente Ulla S.L.	30,99 €	Subministro gasolina para brigada verde en marzo
201.200.049	Ferreteria Botana - Botana Granja Manuel	70,71 €	Materiais subministrado sen marzo
32.106.265	Automóviles Louzao, S.A.U.	1.482,48 €	Revisión do camión recollida de lixo en marzo
0	DTS, SA (Digital +)	17,95 €	Servizo TDT Canal+ na 3ª idade mes abril
1204C0401698	Securitas Direct S.A.	157,35 €	Mantemento alarma casa 3ª idade durante 2T/2012
1204C0403087	Securitas Direct S.A.	160,36 €	Mantemento alarma biblioteca durante 2T/2012
1204C0352306	Securitas Direct S.A.	143,87 €	Mantemento alarma oficina turismo no 2T/2012
1204C0348107	Securitas Direct S.A.	221,85 €	Mantemento alarma casa concello durante 2T/2012
24/2012	García Silva Fernando-Indirot	272,58 €	Subministro de 3 carteis anunciadores de obra a repercutirle aos promotores
A 370	Autocares Mougán S.L.	1.350,00 €	Servizo de autobús para viaxe á neve , con achegas dos participantes
119	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	64,58 €	Materiais para obras no CEIP Santa Cruz en marzo
206.675	Papeleria Ledoira, S.L.	221,25 €	Subministro papel DIN A4 para fotocopiadoras
1.120.112.778.884	Gas Natural, SA	142,66 €	Subministro eléctrico ao albergue de Vilanova
02/2012	Gas Natural, SA	976,40 €	Fras. de febreiro por subministro a escolas
02/2012	Gas Natural, SA	489,09 €	Fras.de febreiro por subministro edificios culturais
1.950	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Impartir clases manualidades mes xaneiro
1.965	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Impartir clases manualidades mes febreiro
1.978	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Impartir clases manualidades mes marzo
9.900.422.498.951	Ministerio Industria, Turismo e Comercio	100,00 €	Taxa por reserva de dominio público radioeléctrico
7-35932	Maderas Ramos Moreira, SL	15,98 €	Xogo de 2 agarradoiras para o CPI de Vedra
081/12	Talleres y Repuestos Barco S.L.	105,24 €	Batería e repostos para tractor J. Deere 2564BDT
1.201.027.161	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	206,50 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes abril
119	Sociser Galicia, S.L.	3.785,40 €	Servizo asistencial a domicilio mes marzo
120	Sociser Galicia, S.L.	10.640,39 €	Horas SAF dependencia mes marzo
4	Camino Bouzon Miguel Angel	1.469,10 €	Traballos no CPI de Vedra e outros mes xaneiro
6	Camino Bouzon Miguel Angel	1.871,83 €	Traballos no centro de saúde e outros en febreiro
9	Camino Bouzon Miguel Angel	584,10 €	Traballos nos campos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			fútbol e pavillón en marzo
32.143.285 - H	Seguros Catalana de Occidente, SA	316,79 €	Recibo póliza seguro oficina de turismo 2012/2013
V483786	Ricoh España, SLU	160,37 €	Fotocopias máquina oficinas xerais mes marzo
013/12	Cruz Roja Española	298,81 €	Cobertura preventiva da Ruta BTT 2012
12/0265	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	226,80 €	Servizos prestados no punto limpo en marzo
4.000.894.624	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	567,35 €	Servizo franqueo pagado mes marzo
2310696/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscripción a El Correo Gallego mes abril
S12/033940	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscripción á La Voz de Galicia mes marzo
0101-1200312	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	33,37 €	Recollida residuos en punto limpo mes marzo
015/12	Reparaciones Sinde , S.L.	33,51 €	Arranxo camión recollida lixo en marzo
2012/0850	Sogama S. A.	7.476,55 €	Tratamento residuos mes marzo
12/05	Herraiz Cabanas Rosa	1.652,00 €	Deseño materiais campaña turística 'Son Vedra'
2012/038	Xestedec	2.630,81	Exposición <i>Son Vedra</i>
212.782	Darlim Maquinaria Limpieza, S. L. (Damalin)	198,05 €	Arranxo máquina de limpeza do pavillón
A00018855	MRW	40,05	Servizos prestados en marzo
400.227	Hierros Diego, S.L	468,18	Materiais para a brigada de obras
	E/City	19,37	Subministro de alimentos para servizo de madrugadores
V99576	Ricoh España SLU	302,32	Mantemento fotocopiadoras en abril
32 2985	Ulla Oil, S.L	576	Gasóleo de calefacción para a casa do concello
FT1200712	Com. Vehículos TAR S.L	744	Arranxos no camión de recollida de lixo
2012/039	Xestedec	3.709,92	Exposición e carpas desmontables, stands de turismo XXXII Festa do Viño da Ulla
TA3YQ005219 5	Telefónica de España SAU	80,49	Correspondente á sede de PC en marzo
04/C-03/2012	Delio Sánchez Tojo	236	Clases de debuxo e pintura en abril
SPA/31750/201 2	MC SPA de prevención, S.L	300,58	Concerto prevención técnica e vixilancia da saúde en abril
	Telefónica de España SAU	594,05	Teléfonos fixos de marzo
	José I. Munín Castelao	98,91	Quilometraxe en marzo e abril
	Carmen A. Sabio Sanz	95,71	Quilometraxe de marzo
	Lucia Sevio Barrio	67,2	Quilometraxe en marzo
	Consuelo Castro Amboage	41,37	Quilometraxe febreiro e marzo
	Juan Duarte Porto	59,3	Quilometraxe e peaxes autoestrada para recollida



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			de camión de recollida de lixo no taller oficial en Ourense
	Jesús Fernandez Pereira	59,3	Quilometraxe e peaxes autoestrada para recollida de lixo no taller oficial en Ourense
	Carlos J. Méndez -Losada Abalo	391	Fondo social(seguro médico), segundo bases do orzamento (75%).
	Carlos J. Sanmartín Carrera	279,17	Fondo social (seguro médico), segundo bases do orzamento (75%).
	Mercedes Pereiras Caldelas	391	Fondo social (seguro médico), segundo bases do orzamento (75%)
	María Canedo de la Torre	55,5	Fondo scial (oftamoloxía), segundo bases do orzamento (75%)
	Ana Mª. Aldrey Pereira	37,5	Fondo social (odontoloxía), segundo bases do orzamento (75%)
	Membros Mesa Contratación	122,03	Asistencias para a adjudicación do contrato de servizos de atención e mantemento do albergue de Vilanova -Vedra
	Mercedes Pereiras Caldelas	32,4	Asistencia a curso sobre do funcionamento da sede electrónica municipal na Fegamp
	Mª. Cruz Vilas Giadanes	93,95	Quilometraxe e peaxes autoestrada para xestións Feiravedra
	Manuel Fernando Lobato Cutrin	669,96	Horas extraordinarias atención punto limpo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

Así mesmo acorda rexeitar as que de seguido se relacionan:

*Factura núm. 4/2012 de Restaurante Vente Vindo por comidas do LAV, ao tratarse dun concepto non subvencionable.

*Factura núm. 5 de Panadería Victoria por ágapes para actividades diversas ao tratarse dun concepto non subvencionable.

*Factura núm. 2012/H/54 de Pazo de Canónigo de Galegos por produtos para o LAV 2012, ao tratarse dun concepto non subvencionable.

*Factura núm. 121 de Sociser Galicia, S.L por horas pagadas e non traballadas polas auxiliares do servizo de axuda no fogar en marzo, por non corresponder.

*Factura núm. 6 de Panadería Raviña -Susana Raviña Carbia por produtos servidos en Teatrosfilia 2012, ao tratarse dun concepto non subvencionable.

*Factura núm. P200409 de Editorial Compostela, S.A por reportaxe Vedra Elemental, por non corresponder.



6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de abril do ano que andamos, pola que se lle ordena a don Ramón de Santiago Acosta que proceda á execución das actuacións precisas para manter a parcela con referencia catastral 15090A001007580000SH, situada en Paradela, para mantela en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e calidade ambiental, tal e como establece a lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de abril do ano que andamos, pola que se acorda adjudicar a dona Pilar Suárez Barreiro o contrato de servizos consistente na atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova no prezo de trece mil corenta (#13.040#) euros máis IVE.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de abril do ano que andamos, pola que se acorda solicitar subvencións, ao abeiro da Orde do 1 de marzo de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de abril do ano que andamos, pola que se lle comunica a don José Nieves Ferreiro que no máis breve prazo, e en todo caso no prazo de dous meses, busque unha situación máis axeitada para os cans dos que dispón.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de abril do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, de ser o caso, respecto das actuacións que se están a levar a cabo en Trobe por don Miguel A. Camino Bouzón, consistente na construción de edificación pegada ao linde, sen contar coa preceptiva licenza municipal.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta da instancia núm. 493/2012 na que don Luís Roberto Morao Rey, con domicilio en San Fins de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 65%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.



7.2.- Comunicación núm. 511/12 da Excma. Deputación Provincial.

Dáse conta da citada comunicación dando conta da Resolución da Presidencia de data 29/03/2012 pola que se acorda seleccionar a Vedra para formar parte da fase IV da elaboración do Inventario Municipal de Bens.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aceptar a recepción dos traballos de elaboración do inventario.

Segundo.- Por a disposición da empresa adxudicataria os recursos humanos e materiais e proporcionar un espazo adecuado para a correcta execución dos traballos.

Terceiro.- Comprometerse á aprobación do inventario mediante acordo plenario.

Cuarto.- Realizar os axustes contables que procedan, no seu caso, para asentar o inventario aprobado, a cuxo efecto por ao seu dispor o Servizo de Asistencia Económica a Municipios.

7.3.- Acordo de integración da política social no eido do Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

Con data 11/04/2012 na reunión celebrada pola Comisión de seguimento da ATM de Santiago de Compostela, os concellos da área subscribiron por unanimidade o acordo de integración da política social no eido do Plan de Transporte Metropolitano na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

A política social é unha política integrada no marco de tarifas do Plan de Transporte Metropolitano e o seu custo é asumido ao 100% polo concello promotor, sendo a estimación económica deste concello de dous mil cincocentos (#2.500,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada achega económica.

7.4.- Solicitud de subvención ao INEGA

En relación coa subvención solicitada ao INEGA ao abeiro da Resolución do 2 de setembro de 2011 (DOG núm. 176, do 14 de setembro), para o proxecto Actuacións de aforro enerxético no alumeadado público de Vedra (expediente IN417P/11A12015), a Xunta de Goberno acorda comprometerse a realizar as actividades para as que se solicita a subvención no caso de obtela, sempre e cando a porcentaxe de financiamento sexa do 70%.

7.5.- Aprobación padrón taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre do 2012

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre de 2012, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financeira de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte: contribuínte: 58; m³ facturados: 933 ; importe total: 965,51 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.



7.6.- Escrito núm. 507/12 da AA.VV Unión e Progreso.

Dáse conta do citado escrito no que don Manuel Santiago Neira Gómez, en calidade de Presidente da AA.VV Unión e Progreso de San Xián de Sales, expón que o vindeiro 6 de maio celebrárase a II Edición da Ruta BTT de San Xián, e solicita a concesión dunha axuda económica para a celebración da citada ruta.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de cento cincuenta (#150,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gasto por importe polo menos o dobre da cantidade concedida.

7.7.- Axudas de emerxencia social.

7.7.1.- Instancia núm. 596/12 de dona Emilia Galiñanes Bugallo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita unha axuda para a cobertura de necesidades básicas e material buco-dental.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para necesidades básicas e douscentos cincuenta e cinco euros (#255,00#) para material buco-dental, segundo a ordenanza reguladora deste tipo de axudas.

7.7.2.- Instancia núm. 597/12 de don Luís Zas Oca.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita unha axuda para o alugamento de vivenda e gastos correntes para dous meses en tanto non lle sexa concedida a RISGA solicitada.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de trescentos setenta e tres euros (#373,00#) para os conceptos solicitados, segundo a ordenanza reguladora deste tipo de axudas.

7.8.- Adhesión ao Convenio para o mantemento de centros de saúde e PACs de titularidade municipal.

Á vista do Convenio de colaboración subscrito o 17 de abril de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde, a Xunta de Goberno acorda adherirse ao mesmo, aceptando as axudas e/ou subvencións concedidas, así como todas as condicións fixadas no mesmo para a percepción e pagamento de ditas axudas e /ou subvencións, en especial as contidas nas súas cláusulas quinta e décimo segunda.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cincuenta minutos.